VESTÍBULO

PRESENTACIÓN

O título da exposición do MARCO, ***41º 52' 59'' latitude N/8º 51' 12'' lonxitude O***, refírese ás coordenadas xeográficas que abranguen a zona pola que o artista realiza os seus percorridos diarios.

"Ao longo dos últimos vinte e cinco anos, Jorge Barbi percorreu case diariamente a mesma paisaxe. Este 'pasear' supón un íntimo exercicio físico e espiritual no que o artista se confronta coa paisaxe apenas alterada da súa infancia, e co cal mantén unha estreita relación emocional. A partir desta práctica sinxela e cotiá pero profundamente arraigada, Barbi extraeu do lugar –da súa xeografía– todo o repertorio de imaxes, obxectos e ideas que conforman o seu pensamento artístico.

Se ben a maior parte da súa obra está asociada a unha dimensión escultórica –dende a mera apropiación de obxectos atopados ata a manipulación máis elaborada–, non será ata finais dos anos noventa cando o seu traballo se materialice en diferentes series fotográficas que parten dunha observación minuciosa da natureza e as súas transformacións, e da súa atracción pola versatilidade formal que adoptan os seus variados accidentes.

Durante os últimos dez anos, o rexistro desas imaxes constitúe un extenso arquivo e á vez unha topografía 'localizada' de fenómenos temporais. Para a súa realización, o artista asumiu unha dobre función: a dun científico e a dun poeta, para un espazo e tempo determinados.

Para a súa exposición no marco de Vigo, o punto de partida constitúeno varias series de fotografías realizadas nos últimos anos, xunto cunha coidada selección de pezas anteriores, de modo que a partir deste conxunto se poidan establecer novas lecturas do seu traballo. Por outra banda, a noción de retrospectiva queda cuestionada non só en termos dunha suposta lóxica cuantitativa, senón sobre todo polo feito de prescindir dun esquema cronolóxico que tende a limitar as capacidades de evocación poética e sensitiva da obra.

O xeito de asociar diferentes traballos no espazo, a importancia do baleiro, a emanación dunha luz propia ou externa, as diferentes formalizacións en definitiva que estas imaxes poden adoptar... todo iso está presente nun xogo de tensións e equilibrios co fin de que o feito expositivo se converta nunha verdadeira experiencia sensorial para a audiencia.

Varias das series referidas correspóndense con diferentes accidentes naturais que o artista foi descubrindo nos seus paseos diarios. Na súa materialización a dimensión temporal xoga un papel decisivo. Así, en *Charcas* e *Excrementos de gaviota*, as rochas aloxan ocos e detrito sedimentados lenta e persistentemente; e do mesmo modo, nas series *Espuma* e *Paisajes de arena*, trázanse as formas caprichosas dun tempo fugaz e irrepetible. Por outra banda, Barbi prolonga a sorpresa do encontro ao desdobrar simetricamente estas imaxes co obxecto de extraer novas formas insospeitadas e inquietantes.

A serie *Antes/Después* recolle as transformacións producidas tanto na paisaxe coma no contorno cotián do artista. Non hai subxectividade ningunha nestas imaxes, tan só a aséptica constatación dos cambios que reflicten o paso do tempo.

Os elementos atopados que xeran estes traballos están representados nun esquemático mapa persoal en torno a unha liña de costa de 20 quilómetros, formando unha topografía circular e concentrada que podería definirse como un 'arquivo de descubrimentos', verdadeiro diario visual e poético do artista ao longo do tempo.

Este proxecto inclúe tamén unha selección de pezas de diversa natureza realizadas polo artista ao longo de toda a súa traxectoria. Máis que atender a unha vinculación temática coas series fotográficas antes expostas, favoreceuse a inclusión de obras que poidan establecer conexións transversais, de modo que o resultado se achegue máis á idea dunha paisaxe emocional. Para iso, e entre outras pezas, inclúense *Reconstrucción* (1989), *Little Bang* (1993), ou *Solutio Perfecta* (1997)".

Juan de Nieves
Comisario da exposición

PANÓPTICO

Estoy perdido. No me retenga, 1995
[Estou perdido. Non me reteña]
Resina de poliuretano

"Esta peza é unha copia. O orixinal atópase á deriva no Atlántico Norte.

O 25 de xaneiro de 1995 foi arroxado ao mar, dende un barco de pesca, 400 millas ao N. das Azores".

PATIO A1

Unha das esquinas deste patio aparece sutilmente intervida cunha das obras producidas especificamente para esta mostra, que consiste nunha incisión no muro na que se pode ler –unha vez que o espectador conseguiu unir émbolos dous ángulos– unha frase desdobrada que foi utilizada por Jorge Barbi en traballos anteriores: *Aquí dentro tampoco se desvela ningún enigma*. Ademais da expresión dunha constatación ou aceptación pragmática da realidade, a frase funciona tamén nun dobre sentido, non exento de ironía, ao situarse no contexto dun museo e unha sala de exposición, nun xogo de matices característico da experiencia vital de Jorge Barbi e da su práctica como creador.

Noutro dos muros sitúase a peza *Diana*, concibida en 1989 pero que só agora foi producida para esta exposición. Son as frechas, lanzadas atinadamente sobre o muro, as que van facendo aparecer sobre este unha diana perfecta. A terceira obra incluída nesta sala, *Canelo*, a medio camiño entre o humor e o drama, representa o esqueleto dun can laboriosamente reconstruído óso a óso. Despois da súa morte, parece seguir condenado á escravitude da eterna vixilancia baixo a sombra do seu amo.

Aquí dentro tampoco se desvela ningún enigma, 1995-2009
[Aquí dentro tampouco se desvela ningún enigma]
Incisión na parede

Canelo, 1999
Escultura/instalación

Diana**,** 1989
Frechas

GALERÍA A1

Solutio Perfecta, unha peza de 1994 que nunca antes fora exposta en Galicia, serve de preámbulo para unha sala na que de novo destaca a produción fotográfica. As paisaxes de area e as agrupacións humanas cubertas por toldos de campaña, fálannos de xeografías distantes e da experiencia da viaxe; unha visión resaltada ademais pola escultura que ocupa o centro do espazo: dous conxuntos rectangulares compostos por cubos de granito negro e estuco de Fez, gravados na súa cara superior con pictogramas ou "signos virxes". Outras das imaxes desta sala teñen que ver con intervencións do artista na paisaxe, como é o caso de *Pasto de Vacas* ou *Ego*, onde a linguaxe ou a palabra se someten aos designios da natureza ou do reino animal.

"Nos pastos de alta montaña, o gando vacún permanece solto ata que chega o inverno. Nun val dos Pirineos, un pastor contoume que cada quince días subíalles pedras de sal ás vacas, e describiume a cobiza con que acudían a lambetalas cando, de lonxe, o vían chegar coas bolsas".

Na sala perimetral adxacente exhíbese unha proxección de imaxes da serie *Charcas*, na que, unha vez máis, a utilización do dobre e da simetría dá lugar a novas e inquietantes morfoloxías.

Solutio Perfecta, 1994
Alambique de cobre en dúas pezas
Colección Galería Juana de Aizpuru

Paisajes de arena, 2007
[Paisaxes de area]
4 fotografías

Puente para insectos, miriápodos, gastrópodos, lagartijas y mamíferos pequeños, 1992
[Ponte para insectos, miriápodos, gastrópodos, lagartas e mamíferos pequenos]
Fotografía

Salcidos, 2004
Fotografía

Sin título, 1990
Granito de Campo Lameiro, estuco de Fez

Pasto de vacas, 1993
9 fotografías

Ego, 1998
2 fotografías

Ya no espantamos nada, 1997
[Xa non espantamos nada]
5 fotografías

Asuntos públicos, 2005
2 fotografías

Charcas, 2007-2008
Proxección de imaxes

GALERÍA A2

Archivo de imágenes, 1976-2009
[Arquivo de imaxes]
Instalación de nove proxectores

Esta sala funciona como eixe central de todo o proxecto expositivo. As imaxes de diferente natureza realizadas por Jorge Barbi ao longo dos anos, constitúen un arquivo de vital importancia para entender a súa poética e a súa práctica artística. As fotografías aquí proxectadas remiten tanto ás paisaxes recorridas coma a todo un extenso repertorio de obxectos, pegadas, marcas, animais ou restos inorgánicos que o artista foi atopando accidentalmente e que lle serviron como detonante para a realización de moitas das súas pezas. Todas estas imaxes constitúen sobre todo un arquivo emocional –desvelado por primeira vez con motivo desta exposición– que nos introduce de cheo no universo poético do artista.

PATIO A3

Línea de costa é un mapa de situación dos achados do artista ao longo da costa, do seu contorno máis próximo, entre os anos 1982 e 2007. A súa composición circular remite á idea dun mesmo itinerario emprendido unha e outra vez co obxectivo de rexistrar os obxectos, restos e accidentes cos que se atopa. Esta representación esquemática, na cal se inclúe unha lenda de símbolos e grafismos que nos informan sobre restos e fenómenos naturais, acompáñase de series de fotografías baseadas en dous temas fundamentais: escumas de mar –a serie *Espumas*– e excrementos de gaivota –na obra titulada *Argentea*. A partir das primeiras represéntanse paisaxes e novas composicións simétricas que á súa vez xeran imaxes inquietantes a medio camiño entre o figurativo e o extraordinario. Pola súa banda, os excrementos de gaivota sobre as rochas dan lugar a todo un repertorio de figuras antropomórficas dun forte valor expresivo. En medio da sala, e a xeito de contrapunto, sitúase a escultura/instalación *Cosecha del 95, cosecha del 96*, dúas agrupacións de varas de acacia plastificadas, que remiten tamén á idea de recolección que funciona como eixe neste espazo.

Línea de Costa, 1982-2007
[Liña de costa]
Vinilo

Argentea, 1996-2009
44 fotografías

Espumas, 2007
[Escumas]
18 fotografías

Cosecha del 95, cosecha del 96, 1996
[Colleita do 95, colleita do 96]
Varas de acacia plastificadas
Colección Caixa Galicia

GALERÍA A3

Esta sala iníciase con *Little Bang*, un firmamento enchido de puntos brillantes de diferentes calibres, que á súa vez se corresponden cunha serie de impactos de perdigón disparados polo artista sobre unha chapa metálica. Unha obra do ano 1993 que se produciu de novo para esta mostra. Tras esta primeira declaración poética, o espazo aparece ocupado na súa maior parte pola serie *Antes/Después*; fotografías realizadas nalgúns dos escenarios e paisaxes ligadas á biografía cotiá de Jorge Barbi, e nas cales se manifestan as transformacións da natureza nun proceso lento e en ocasións apenas perceptible. Incluíuse ademais unha pequena selección de fotografías pertencentes á serie *Sendas de caballos*, un exemplo temperán do artista de intervención na paisaxe. Ao fondo sitúase *Hibernáculo. Recipiente para ausentarse*, unha peza de aparencia exterior compacta, e que non obstante agocha no seu interior o espazo correspondente á figura en coscas dun ser humano, tal como revelan os bosquexos que a acompañan.

Na sala perimetral adxacente, a instalación *Diluculum* é unha nova versión producida especificamente para o espazo do museo a partir dunha peza do mesmo nome realizada en 1995, que se sitúa na mesma sala: unha esfera de madeira furada por pequenos puntos que conforman palabras en latín e que se corresponden con divisións temporais do día. O texto da esfera só podería lerse correctamente se nos atopásemos no seu interior. Unha particular interpretación da medida do paso do tempo; a descrición dun tempo cíclico, que se repite unha e outra vez como un colector inalterable e constante.

Little Bang, 1993-2009
Prancha de aceiro inoxidable, pintura negra, impactos de perdigón

Sendas de caballos, 1987
[Sendas de cabalos]
7 fotografías

Antes/Después, 2002-2009
[Antes/Despois]
12 fotografías

Reconstrucción, 1989
[Reconstrución]
Ferro e roda de carro
Colección de arte Fundación "La Caixa"

Hibernáculo. Recipiente para ausentarse, 1993
[+ debuxos preparatorios]
Cortiza
Colección de arte Fundación "La Caixa"

Diluculum, 1995-2009
Esfera de madeira e instalación